

## O Marco das Antas / Miliario de Couso de Limia

05001801

### Datos de Localización

Miliario

<b>Inmoble:</b>	Inmoble Indeterminado
<b>Localización:</b>	En paradeiro descoñecido
<b>Coord. UTM</b>	<b>X:</b> 602642 <b>Y:</b> 4662554
<b>Concello:</b>	Sandiás
<b>Parroquia:</b>	COUSO DE LIMIA
<b>Lugar:</b>	Couso, O
<b>Tipoloxía:</b>	Epigrafía
<b>Tipo:</b>	Miliarios
<b>Subtipo:</b>	Miliario
<b>Denominación:</b>	O Marco das Antas / Miliario de Couso de Limia

### Características

**Etapa Histórica** Época Romana

**Estilo:**

**Descrición:**

En orixe este miliario estaba encravado moi preto da aldea de Couso de Limia no lugar que os veciños coñecen como "O Marco das Antas", a unha milla antes de chegar á *Mansio Geminas*. A súa localización exacta descríbena Rivas Fernández: á altura do Km. 0, Hm. 7 da estrada que vai de Sandiás a Couso. Neste punto a uns 100 m. á esquerda da estrada localizábase o miliario, xusto ó lado dun antigo camiño de carro (a Vía Nova). Hai xa varias décadas que un veciño de Couso -D. Bernardino Blanco- o fragmentou en varios anacos para empregalos como postes no cercado dunha finca, segundo Rivas Fernández a altura dos fragmentos oscilaba entre 1,80 m. e 2,10 m. Dende este emprazamento os anacos foron vendidos a un anticuario e hoxe atópanse en paradeiro descoñecido. Rodríguez Colmenero aínda puido ver os anacos do miliario en 1972, o mesmo autor xunto con outros dous compañeiros aínda afirman que contemplaron algúns restos da peza nunha publicación do 2004.

É o único fito viario que se coñece ata o momento que está adicado ós emperadores Treboniano e Volusiano, era unha peza meramente propagandística xa que non especificaba as millas -probablemente coincidía coa milla 68 dende Braga. A epigrafía contaba con só seis liñas, o resto do fito viario quedaba en branco. As letras tiñan entre 7 e 8 cms. de altura.

Dende hai moitos anos era coñecida a existencia deste miliario, de feito xa foi citado no seu momento por Barros Sivelo que o situaba entre as aldeas de Súa e Sandiás ou por Hübner. Foi tamén tratado por Vázquez Núñez ou Rivas Fernández, éste último fixo unha acertada recomposición do texto:

IMP(eratori).CAES(ari).C(aius). VIBIO. TREBONIA  
NO.GALLO.PIO.INVICTO.AVG(usto)  
TR(ibunicia).POT(estate).CO(n)S(ul).PROCO(n)S(uli).ET.IMP(eratori)  
CAES(ari).C(aius).VIBIO.VELDVMIANO  
VOLVSIANO.AVG(usto).PONT(ifici)  
MAX(imo).TR(ibunicia).POT(estate).CO(n)S(ul) II

LECTURA: (Adicado) ó emperador César Caio Vibio Treboniano Gallo Pío Invicto Augusto na Tribunicia Potestade, Cónsul. Procónsul e ó Emperador César Caio Vibio Volusiano Augusto Pontífice Máximo na súa Tribunicia Potestade, no seu II Consulado

**Datación:** 251- 253 d. C.

**Autoría:**

**Materiais:** Granito

**Carac. Técnicas:**

**Alto:** 0 cm.

**Ancho:** 0 cm.

**Profundo:** 0 cm.

**Diámetro:** 0 cm.

**Perímetro:** 0 cm.

**Peso:** 0 Kg.

**Capacidade:** 0

**Xilófagos:**

**Perda Policromía**

**Perda Material:**

**Observacións:**

**Bibliografía:**

- ALVARADO BLANCO, S., RIVAS FERNÁNDEZ, J. C., VEGA PATO, T.: "La Vía Nova en a Limia", *Boletín Auriense*, Anexo 16, Ourense, 1992, p.91.
- BARROS SIVelo, R.: "Memoria descriptiva del plano del primer tramo de la Via Nova", *Mss Inéditos. Real Academia de la Historia*, Cart. 9/7965/7, p. 10.
- BARROS SIBelo, R.: *Antigüedades de Galicia*, A Coruña, 1875,
- BARROS SIVelo, R.: "Notas de monedas y miliarios de Galicia", *Mss. Real Academia de la Historia*, Cart. 9/7965/4.
- DÍEZ SANJURJO, M.: "Los caminos antiguos y el itinerario de Antonino en la provincia de Orense", *BCMOR*, III (nº 39, 42, 43, 48, 51), Ourense, 1906-1909.
- LORENZO, J., D'ORS, A.: "Inscripciones Romanas de Galicia", *Cuaderno de Estudios Gallegos*, XIX, p. 296.
- RIVAS FERNÁNDEZ, J. C.: "Addenda al catálogo y estudio de los miliarios orensanos", *Boletín Auriense*, IV, Ourense, 1974, pp. 122-124.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A., FERRER SIERRA, S., ÁLVAREZ ASOREY, R. D.: *Miliarios e outras inscricións viarias romanas do noroeste hispánico*, Consello da Cultura Galega, Lugo, 2004, pp. 547-548.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A.: *La red viaria romana del sureste de Galicia*, Valladolid, 1976, p. 109.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A.: *Aquae Flaviae I, Fontes Epigráficas da Gallaecia Meridional Interior*, Santiago de Compostela, 1997 (2ª ed.), pp. 359-360.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A.: *Galicia Meridional Romana*, Deusto-Bilbao, 1977, p. 394.
- VÁZQUEZ NÚÑEZ, A.: "La epigrafía latina en la provincia de Orense", *B. C. M. O.*, T.I, Ourense, 1898-1901, p. 99.

**Documentación:** -Ficha do inventario de xacementos arqueolóxicos da Xunta de Galicia. Clave de identificación: GA32077REF-7